



**GRUPO PROVINCIAL**

**G-32014003**

**xosebaltar@bng.gal**

### **PREGUNTA PARA PRESENTAR NO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

Bernardo Varela López, Voceiro do Grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Deputación de Ourense, en base o estipulado no artigo 14 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e o artigo 4 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Tras recibir o novo expediente de modificación orzamentaria por concesión de crédito extraordinario a MEISA. No que se pide á esta entidade provincial aprobar unha modificación de crédito destinada á entidade ESTACIÓN DE INVERNO DE MANZANEDA, S.A .

#### **SOLICITA resposta as seguintes preguntas :**

Cantas veces tivo que recurrir a Deputación de Ourense a modificacións de crédito co obxectivo de destinar fondos á ESTACIÓN DE INVERNO DE MANZANEDA, S.A.? a canto ascenden cada unha destas modificacións de crédito?

Cantos euros se teñen destinado dende 2015 entre subvencións, ampliacións de crédito e demais partidas orzamentarias para a ESTACIÓN DE INVERNO DE MANZANEDA, S.A?

Cal foi o retorno estimado de todas estas inversións para a contorna e para a provincia?

Que valoración realiza a o grupo de goberno da Deputación, entidade accionista de case o 50% de MEISA, e o presidente da mesma, como responsable da xestión dos fondos públicos desta institución, destes gastos?

Ourense, a 19 de xaneiro de 2021

Bernardo Varela López  
Voceiro do grupo provincial do BNG

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**